

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 25 DE XUÑO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de xuño de dous mil dezaoto ; as dez horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaoto de xuño de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

-Escrito do Director do Servizo Municipal de Deportes informando de desperfectos no Pavillón de Maquians. A xunta de goberno acorda darlle traslado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria , dado que os gastos de mantemento do pavillón se comparten entre o concello de Ribadavia e a Consellería, e a vista das fotos se entende que non corresponde a reparación ao concello ao ser danos causados polos usuarios do centro educativo.

-Escrito de Unión Fenosa informando sobre a xestión de subministros puntuais.

-Escrito de dona María del Pilar Alvarez Bueno, solicitando a devolución da cantidade de 8 €pagados en exceso por erro a pagar a matrícula do curso de natación dos seus fillos.

Visto o informe favorable do Director do Servizo Municipal de Deportes acordase proceder á devolución dos 8 € pagados a maiores por erro na matrícula do curso de natación 2018.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil de requerimento de documentación en relación a Expediente de verquido de augas residuais e control de cumprimento do

Programa de Reducción da Contaminación. A xunta de goberno acorda darlle traslado do escrito a Aqualia a efectos de elaborar a documentación requerida.

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil autorizando a corta de tres robles e vexetación non arbórea na marxe esquerda do río Avia en Gandarela a don Manuel Rodríguez Francisco.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia de vivenda de uso turístico.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas do establecemento de Café Bar denominado Dolce Vita en rúa Ribeiro 9 a nome de don Roberto Picarella.

-Solicitud de constitución de fianza polo Servizo Provincial de AXI, expediente nº IF206B 2018/60-3 por importe de 100 euros. A xunta de goberno local acorda constituír a fianza.

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense solicitando o abono de 387,44 euros , como valoración dos traballos para rega e baldeo das rúas e zonas de eventos na Feira do Viño do concello de Ribadavia.

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense comunicando a próxima aplicación de herbicida na estrada provincial OU- 0305 Ribadavia-Arnoia.

-Escrito da Deputación Provincial comunicando decreto de Presidencia, autorizando a execución por administración da obra de Reparación de firme en varios camiños do concello de Ribadavia e aprobando a memoria valorada; ordenando que os contratos administrativos especiais para a execución do gasto se verifiquen con suxeición ao artigo 30.4 da LCSP ,e encomendando a execución da obra a tres traballadores provinciais.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº4/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº4/18, por importe de 22.500 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº5/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº5/18, por importe de 3.698,46 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2018.-

Dase conta da proposta de Dona Maria López Touza como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: CONTRAPRODUCCIONS, o día 14 de xullo de 2018 (4.000 euros máis I.V.E.); DE VACAS, ó día 14 de xullo de 2018 (2.500 euros máis I.V.E.); IO CIRCO, ó día 15 de xullo de 2018 (1.300 euros máis I.V.E.); LA TROCOLA, ó día 15 de xullo de 2018 (3.900 euros máis I.V.E.); CRISTINA COLLAZO, ó día 16 de xullo de 2018 (1.500 máis I.V.E.); MARIANELA MORENA, ó día 16 de xullo de 2018, (3.000 euros I.V.E. incluído); MICOMICON, ó día 17 de xullo de 2018 (10.000 euros máis I.V.E.); FUMAN ARTIS, ó día 17 de xullo de 2018 (3.900 máis I.V.E.); LOS COLOCHOS, ó día 17 de xullo de 2018 (6.402 euros I.V.E. incluído); PROJETO EZ, ó día 18 de xullo de 2018 (2.100 euros I.V.E. incluído); INVENTI TEATRO, ó día 19 de xullo de 2018 (2.800 euros I.V.E. incluído); EUROCENA, ó día 19 de xullo de 2018 (6.000 euros máis I.V.E.); TEATRE TOT TERRENY, ó día 20 de xullo de 2018, (3.000 euros máis I.V.E.); A PANADERIA, ó día 21 de xullo de 2018 (2.460 euros I.V.E. incluído); LA NÓRDICA, ó día 21 de xullo de 2018 (2.250 euros máis I.V.E.); RODRIGO CUEVAS, ó día 22 de xullo de 2018 (1.800 euros máis I.V.E.); IKEBANAH ARTES ESCENICAS, ó día 22 de xullo de 2018 (10.995 máis I.V.E.)”.

Contrato menor de servizos para montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro

Sendo necesario para a celebración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2018.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para efectuar a prestación, facendose necesario a realización dun contrato de servizos ao efecto.

Contratar con Chacoto SL o montaxe e desmontaxe da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2018, por un importe total ,IVE engadido de 13.000 euros.

Aprobar o gasto por importe de 13.000 euros .

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

O Concello de Ribadavia adxudica a contratación de montaxe e desmontaxe para as necesidades derivadas da realización da 34ª edición do festival, de acordo coas necesidades dos espectáculos e espazos (enfoque, montaxe, remates, traslado de material, etc.) entre os días 11 - 24 de xullo de 2018. No caso de que algunha tarefa técnica se teña que aprazar por causa xustificada, o Concello de Ribadavia comprometerase a comunicarlle ás partes, con suficiente antelación, a data e horario para realizala.

A empresa deberá instalar previamente ás datas sinaladas unha rampa para o acceso do material escenográfico e técnico das compañías ao Auditorio do Castelo.

A empresa concesionaria deberá asumir as tarefas de carga e descarga e de persoal de tremeira do teatro.

Tamén serán tarefas do persoal de carga e descarga a colaboración co persoal técnico do Concello na montaxe, traslado e desmontaxe dos escenarios, cadeiras ou estruturas necesarias nos lugares que se precise durante a Mostra.

Cantidade máxima do contrato: 13.000 €IVE incluído, que a empresa deberá presentar nunha única factura na intervención do Concello de Ribadavia unha vez concluída a obra ou servizo para o cal foi contratada. (Axustada á tabla do convenio. Personal adscrito ao Ámbito B, Artigo 15, título V, do Grupo V, do Convenio Colectivo de Eventos, Servizos e Producións Culturais, vixencia desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2016, elaborado polo Consello Galego de Relacións Laborais.)

Deberanse facilitar os datos de todo o persoal contratado: nome, DNI e teléfono de contacto de cada un dos traballadores e seguros.

O persoal deberase axustar ao horario ou plan de traballo establecido pola Concellería de Cultura do Concello de Ribadavia, a Dirección da MIT ou o xefe técnico da empresa encargada da cobertura técnica da MIT 2018, así coma aos imprevistos que ocasionalmente poidan xurdir no desenvolvemento das tarefas de montaxe e coordinación técnica do festival.

A empresa deberá fornecer un mínimo suficiente de traballadores de carga e montaxe, que desenvolverán o seu traballo por grupos, de xeito rotativo ou en conxunto, en función das necesidades de horas de cada día/montaxe.

Tal e como se indica no convenio, ao ser eventos suxeitos a posibles eventualidades, as necesidades de horas extras, se fosen necesarias nalgunhas xornadas, deberán ser compensadas a cada traballador, no seu cómputo de horas de traballo/xornada por períodos de descanso.

As necesidades serán comunicadas con suficiente antelación para a correcta planificación do traballo, axustándose, no posible, á seguinte previsión, que poderá variar e reordenarse, sen afectar ás horas de descanso de cada traballador.

Días 11 e 12 descarga de material

PROGRAMA MIT 2018

Día 13 // venres Pre-MIT

23:00h – Auditorio do Castelo – *Non se chora* – Teatro do Vilar (Apoio da MIT ao teatro afeccionado de Ribadavia)

Día 14 // sábado

21:00 Inauguración oficial da MIT 2018. Actuación de De Vacas. Patio do Xulgado de Ribadavia, Praza Maior.

21:45 Entrega do Premio de Honra “Roberto Vidal Bolaño” ao mérito nas artes escénicas.

23:00h – Auditorio do Castelo – *Commedia, un xoguete para Goldoni* – Contraproducións, en coprodución coa MIT Ribadavia – Galicia. (Estrea absoluta)

1:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *Tour Vacanal 2018* – De Vacas – Galicia.

Día 15 // domingo

13:00 – San Cristovo (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *Contiguo* – IO Circo – Galicia.

16:30 – 19:30 Obradoiro con Marianella Morena (Uruguay).

20:00 – Alameda (Ruadavia) – *Emportats* – La Trocola – Valencia.

21:30 PRESENTACIÓNS NA MIT: Presentación do libro *Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática*, de Afonso Becerra de Becerreá. Presenta: Tiago Guedes (Director do Teatro Municipal Rivoli do Porto, Portugal). Salón de Actos do Concello, Praza Maior.

23:00 – Auditorio do Castelo – *La Gioia* – Pippo Delbono – Italia
Foros MIT: coloquio pos-función no Patio da Oficina de Turismo.

Día 16 // luns

10:00 – 14:00 – Obradoiro con Laila Ripoll, en colaboración con AISGE e AAAG – Auditorio Manuel María da Casa da Cultura.

20:30 – Francelos (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *A gata con zocos* – A Cova das Letras e Banda La Lira de Ribadavia – Galicia.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Ella sobre ella* – Marianella Morena – Uruguay.
Foros MIT: coloquio pos-función no Patio da Oficina de Turismo.

Día 17 // martes

10:00 – 14:00 – Obradoiro con Laila Ripoll, en colaboración con AISGE e AAAG – Auditorio Manuel María da Casa da Cultura.

20:30 – Praza Maior (Ruadavia) – *Musicoloco* – Fuman Artist – Extremadura.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Donde el bosque se espesa* – Micomicón – Madrid.

Día 18 // mércores

10:00 – 14:00 – Obradoiro con Laila Ripoll, en colaboración con AISGE e AAAG – Auditorio Manuel María da Casa da Cultura.

20:00 – Praza Maior (Ribadavia) – *Ez Sub* – Projeto EZ – Portugal.

21:30 PRESENTACIÓNS NA MIT: Presentación do libro *Poesía*, de Roi Vidal (Premio Abrente de textos teatrais 2017). Salón de Actos do Concello, Praza Maior.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Mendoza* – Los Colochos – México.

00:30 – Praza Maior (Ribadavia) – *Ez Sub* – Projeto EZ – Portugal.

Día 19 // xoves

10:00 – 14:00 – Obradoiro con Laila Ripoll, en colaboración con AISGE e AAAG – Auditorio Manuel María da Casa da Cultura.

20:00 – Sampaio (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *A tropa do Doutor Milagre* – Inventi Teatro – Galicia.

21:00 COLOQUIO: “A situación da creación escenográfica en Galicia na actualidade”. Intervirán: Baltasar Patiño, Carlos Alonso, Suso Montero, Montse Piñeiro, Laura Iturralde, Diego Valeiras e José M. “Coti” Faro. Igrexa da Madalena.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Tebas Land* – Euroscena – Castilla La Mancha e Madrid.

Foros MIT: coloquio pos-función no Patio da Oficina de Turismo.

Día 20 // venres

10:00 – 14:00 – Obradoiro con Laila Ripoll, en colaboración con AISGE e AAAG – Auditorio Manuel María da Casa da Cultura.

12:00 – Resolución do 13º Premio Abrente – Salón de actos do Concello de Ribadavia (Praza Maior).

20:00 – Santo André (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *A tropa do Doutor Milagre* – Inventi Teatro – Galicia.

21:00 CONFERENCIA: “A escenografía en España hoxe”. José Luis Raymond, Presidente da AAPEE (Asociación de Artistas Plásticos Escénicos de España) e comisario da exposición “Spain on Stage”. Igrexa da Madalena.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Ragazzo* – Teatre Tot Terreny – Cataluña.

Foros MIT: coloquio pos-función no Patio da Oficina de Turismo.

Día 21 // sábado

13:30 PRESENTACIÓNS NA MIT: Lectura dramatizada e presentación da edición na Erregueté (Revista Galega de Teatro) da obra *Arquivos de realidade* (mención Premio Abrente 2015), de Julio Fernández e Paco Oti. Auditorio Manuel María da Casa da Cultura.

21:00 – Alameda (Ruadavia) – *Rojo estándar* – La Nórdika – Andalucía.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Elisa e Marcela* – A Panadaría – Galicia.

1:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *El mundo por montera* – Rodrigo Cuevas – Asturias.
(Colaboración e apoio da MIT ao proxecto Artificial)

Día 22 // domingo

12:00 ENCONTRO con Escena Galega. Foro aberto para a presentación de compañías.
Salón de Actos do Concello. Praza Maior.

20:30 – Praza Maior (Ruadavia) – *Malabreikers* – Malabreikers – Madrid.

23:00 – Auditorio do Castelo – *The Table* – Blind Summit Theatre – Reino Unido.

Día 23: Recollida e carga do chan de madeira.

A estas necesidades, pódese requirir persoal para, de xeito puntual, trasladar e colocar cadeiras, tarimas ou elementos, sempre dentro das horas establecidas polo convenio laboral vixente da categoría de tremoia.

A empresa concesionaria deberá facilitar as ferramentas, material ou recursos necesarios para o correcto desenvolvemento e seguridade no traballo para o cal se contratan os seus servizos.

O número de persoal de traballo por día será determinado pola xefatura técnica do festival e pola dirección da MIT con antelación suficiente.

Á empresa concesionaria facilitaráselle un programa detallado cos horarios dos espectáculos e as necesidades de montaxe e desmontaxe con suficiente antelación.

REPARACIÓN DE FIRME EN VARIOS CAMIÑOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA

En relación coas obras a realizar por Administración, denominadas “Reparación de firme en varios camiños do concello de Ribadavia”, a xunta de goberno local acorda solicitar os seguintes cambios:

Redúcese no camiño de A Groba unha extensión de 240 m² pasandoos ao camiño denominado de Seixo en As Chavolas, e redúcese o denominado camiño Triguiriñas en Prexigueiro en 360 m² aumentando o camiño de Portalaxe en Francelos.

-Ponse a disposición da Deputación os terreos necesarios para a execución das obras e a tramitación das autorizacións necesarias.

-O concello de Ribadavia faise cargo dos danos e perdas que se deriven da execución das obras, en relación coa ocupación de terreos, servidumes e casos semellantes.

-As obras solicitadas de Reparación de firme en varios camiños do concello de Ribadavia cumpren co establecido no artigo 37 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO